

A produción eléctrica de orixe renovábel representa 86% do total da xerada na Galiza. Os últimos datos achegados por Rede Eléctrica Española para os cinco primeiros meses de 2026 destacan que a produción renovábel da Galiza está hoxe 26 puntos porcentuais por enriba da media do Estado, situada en 6o%. **Texto Xacobe Ferreiro**

As enerxéticas obtiveron das centrais eléctricas galegas 428,7 millóns até maio

A hidráulica foi a primeira tecnoloxía de xeración eléctrica do país, seguida da eólica

Rede Eléctrica Española vén de publicar os datos de produción eléctrica na Galiza nos primeiros cinco meses de 2026. Segundo os mesmos, a xeración eléctrica chegou entre xaneiro e maio deste ano a 9.436.890 megawatts por hora (MWh), o que representa unha caída da produción de 6,4% en relación co mesmo período de 2025 e unha baixada de 20,2% tomando como referencia o mesmo prazo temporal do ano 2024. Nesta dirección, a electricidade de orixe fósil sumou 1.317.514 MWh, rexistrando un incremento en comparación co mesmo período do exercicio anterior de 26.699 MWh e 2,1%.

Galiza xerou 8.119.376 MWh de orixe renovábel nos primeiros cinco meses de 2026. As enerxías limpas representaron un 86% do total da produción eléctrica galega, destacando 4.276.681 MWh de tecnoloxía hidráulica, que un ano máis situouse como primeiro fornecedor de electricidade de orixe renovábel. Precisamente, as empresas eléctricas promo-

ven a xeración hidroeléctrica, por ser a que achega máis beneficios á súa conta de resultados, ao tratarse na maioría dos casos de dotacións amortizadas desde hai décadas e cuxos custos de produción están por baixo doutras tecnoloxías.

A xeración de orixe renovábel ficou este ano 675.593 MWh por baixo de 2025. Naquela anualidade, a produción con estas tecnoloxías alcanzou 8.794.969 MWh, o que significou 87,8% do total da produción eléctrica galega. Na mesma dirección de 2026 ,destacou a produción de orixe hidráulica, que achegou ao pool enerxético 4.929.084 MWh. A diferenza entre a xeración hidroeléctrica de ambos exercicios hai que busca nas condicións climatolóxicas da primavera deste ano, onde a chuva rexistrada foi menor á do exercicio pasado. Aínda así, Galiza foi neste ano a primeira produtora hidráulica do Estado, con 28% da xeración total.

Os datos achegados por Rede Eléctrica Española confirman a Galiza como una gran potencia enerxética. A este respecto, o

Instituto Enerxético da Galiza (Inega) do Executivo galego sinala que 265 concellos do país contan con centrais de xeración eléctrica emprazadas no seu territorio, o que significa 84,6% dos municipios do país son produtores de electricidade. Neste punto, concreta que o país dispón de 166 centrais hidráulicas, 45 de grande hidráulica e 121 de pequena hidráulica, cunha potencia instalada de 3.732 megawatts (MW), atopándose actualmente en fase de desenvolvemento na Galiza outros 3.685 MW ligados a proxectos de centrais de bombeo.

Intensidade eólica

Galiza é a comunidade do Estado con maior intensidade eólica. Segundo as cifras achegadas polo Goberno galego, 131 municipios galegos acollen no seu territorio 193 parques eólicos que suman unha potencia total de 4.027 MW. As comarcas con maior intensidade eólica da Galiza emprázanse na área da serra do Xistral, situándose á cabeza delas a Terra Chá cunha potencia instalada de 770 MW.



Arxina


265 CONCELLOS GALEGOS CONTAN NO SEU TERRITORIO CON CENTRAIS DE XERACIÓN ELÉCTRICA

Neste momento, só sete comarcas carecen destas instalacións —O Baixo Miño, Compostela, Terra de Lemos, comarcas de Valdeorras, Quiroga e Viana, e O Morrazo—, porén, en todas elas, agás no Morrazo, proxéc-tanse iniciativas neste ámbito. A terceira tecnoloxía de xeración eléctrica da Galiza está asociada aos ciclos combinados de gas natural, que nos primeiros cinco meses sumaron una produción total de 850.544 MWh. Un deles é propiedade de Endesa, filial da empresa pública italiana Enel, está emprazado no concello




OS TRES PRIMEIROS OPERADORES ELÉCTRICOS DO PAÍS NON SON GALEGOS

Produción eléctrica (MWh) na Galiza entre xaneiro e maio de 2026



Datos: Rede Eléctrica Española / Gráfico: Nós Diario

Ingresos das eléctricas (en millóns de euros) na Galiza entre xaneiro e maio de 2026



Datos: Rede Eléctrica Española e Omie / Gráfico: Nós Diario

das Pontes, na comarca do Eume, e conta cunha potencia instalada de 855 MW. O outro, cuxo titular é a madreleña Naturgy sitúase no municipio de Arteixo, na comarca da Coruña, e dispón dunha potencia de 391 MW. Ao tempo, 62 concellos galegos acollen centrais de coxeración, cunha potencia instalada de 557 MW.

As compañías enerxéticas obtiveron das centrais eléctricas emprazadas na Galiza uns ingresos de 428,7 millóns de euros entre xaneiro e maio de 2026. Así, a maior facturación correspondeuse co mes de xaneiro onde a

produción alcanzou 2.796.939 MWh e o prezo da electricidade no mercado grosista chegou a 71,6 euros por MWh, rexistrando a máis baixa no mes de abril cando a xeración total chegou a 1.183.238 MWh e o custo da luz no mercado grosista marcou 42,4 euros por MWh. Nesta dirección, as empresas enerxéticas con máis potencia instalada no país teñen a súa sede social fóra da Galiza.

O primeiro operador por potencia eléctrica instalada na Galiza é Iberdrola. A empresa con sede en Bilbo (Euskadi) suma 2.208 MW, sendo 1.582 de tecnoloxía

hidráulica e 626 de orixe eólica. A continuación sitúase Naturgy, empresa herdeira da antiga Fenosa con sede fiscal en Madrid, cunha potencia recoñecida de 1.999 MW, 1.120 dos cales son de tecnoloxía hidráulica, 488 de tecnoloxía eólica e 391 de ciclo combinado de gas natural. O terceiro lugar ocúpao Endesa, filial no Estado da multinacional pública italiana Enel, que conta cunha potencia total de 1.795 MW, procedendo 855 MW dun ciclo combinado de gas, 565 das instalacións eólicas e 275 das centrais hidroeléctricas.

Á esquerda, un parque eólico na Serra do Candán.

As cifras

86% da produción eléctrica galega é renovábel

X. F. | Nós Diario

O integrante do Colectivo Bidán Quico da Silva destaca a gran produción eléctrica de orixe renovábel da Galiza. A este respecto, sinala que "os datos de xeración dos cinco primeiros meses do ano confirman que a achega das renovábeis foi de 86%, superando os obxectivos fixados polo Plan nacional integrado de enerxía e clima que marca para o Estado unha produción renovábel de 81% para 2030 e pola Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 que a eleva a 84,8%". Neste sentido, incide que "estamos a cumprir obxectivos de achega das renovábeis na xeración eléctrica, superando o fixado para o ano 2030".

"Os datos", continúa Da Silva, "non fan máis que evidenciar os obxectivos da política do PP na Xunta, máis preocupada nunha visión centralista de aumentar a nosa capacidade de xeración que en definir, planificar e executar unha estratexia galega propia, atendendo ás necesidades do país e ás súas potencialidades centradas tamén na Galiza". Nesta orientación, subliña que "o problema galego está en dous aspectos chave para a transición como son a descarbonización e o almacenamento, nomeadamente o estacional, que permitiría trasladar os excesos de xeración destes meses, en relación coa nosa demanda, aos meses con menor achega renovábel".